

ANUNCIO polo que se fai pública a convocatoria do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso en diversas categorías da entidade instrumental do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.

O Consello de Administración de Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A., acordou na súa reunión de 23 de decembro de 2023:

Primeiro. Anunciar a convocatoria do proceso selectivo extraordinario de seis prazas de estabilización de emprego temporal de Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A., incluídas na oferta de emprego público extraordinaria da Xunta de Galicia.

Segundo. Aprobar a convocatoria pola que se rexerá o proceso de selección que será publicada na páxina web: [www.xesturgalicia.com](http://www.xesturgalicia.com)

O prazo para a presentación de solicitudes rematará transcorridos 20 días hábiles, a contar dende o día 16 de xaneiro de 2023.

As solicitudes de participación presentaranse no Rexistro de Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A. (Local 25 Z, 1º andar, Area Central, Polígono de Fontiñas - 15707 - Santiago de Compostela), ou nas oficinas de Correos. Neste caso, deberá notificar o envío da documentación mediante correo electrónico ao enderezo: [unidadecentral@xesturgalicia.com](mailto:unidadecentral@xesturgalicia.com); no mesmo día da presentación..



A estes efectos, a hora de peche do Rexistro será ás 14:00 horas. Se coincidira en sábado, domingo ou festivo prorrogarase ata o día hábil seguinte.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2022

María Doporto Santos

Xerente de Xestión do Solo de Galicia- Xestur, S.A.